

A ÁREA MATERNOINFANTIL DO ÁLVARO CUNQUEIRO DEIXA VOAR A SÚA IMAXINACIÓN POR NADAL

- *O persoal da Unidade de partos pon en marcha a iniciativa “mereces unha estrela”, na que cada bebé nado ten asignada unha estrela na súa árbore de Nadal, feito con material reciclado*
- *Neonatoloxía decora con elementos do Nadal todo o seu espazo, cun tren de agasallos, unha cheminea ou unha árbore luminosa construída a base de biberóns usados*
- *A UCI pediátrica e as plantas de hospitalización de Pediatría tamén se suman á decoración propia destas datas*

Vigo, 24 de decembre 2018. O persoal que traballa nas distintas unidades da área Materno infantil do Hospital Álvaro Cunqueiro deixou voar a súa imaxinación este ano para incorporar elementos novos na decoración de Nadal, que sirvan para crear un ambiente o máis familiar posible para os pacientes e os seus achegados.

As distintas decoracións do Nadal, do mesmo xeito que no resto das unidades do CHUVI, foron creadas por iniciativa do propio persoal, como é habitual cada vez que hai unha efemérides ao longo do ano.



Así, na Unidade de partos, o persoal “construíu” unha árbore de Nadal a base da utilización de caixas baleiras de panos de papel, forradas con papel sen uso. A novidade é que a árbore serve de soporte para colgar estrelas decoradas. Cada unha delas leva o nome de pila dos bebés que naceron na Unidade desde o pasado 4 de decembre. As estrelas, de distintas cores, están decoradas cuns pequenos ollos e na mesma, ademais do nome do bebé, figura a data e a hora do seu nacemento.

“Fíxose todo con material para reciclar, que xa non servía”, comenta a supervisora da Unidade, Rosa Collogudo.

O conxunto, situado no corredor de circulación libre, á beira do acceso á Unidades de Traballo de Parto e Recuperación (UTPR), complétase cunha caixa de correos para cartas, tamén feita manualmente con cartón.

Ata o momento hai colocadas algo máis dun centenar de estrelas na árbore. A iniciativa estará en marcha ata o próximo día 7 de xaneiro.



Neonatalogía

Ademais da decoración no interior da Unidade de Neonatalogía, o persoal fixo un esforzo especial na decoración do corredor exterior.

Un tren con agasallos, unha cheminea ou unha escaleira, decorados con estilo do Nadal son os elementos que se poden observar no devandito corredor. Se todos os detalles son rechamantes, quizais o que máis resalta, pola súa novidade, é a árbore de Nadal, construído a base de biberóns xa utilizados e que non se poden usar.

A decoración na zona complétase con estrelas colgadas no teito compartidas coa UCI pediátrica, que tamén colocou a súa árbore de Nadal na entrada á súa Unidade.

Todo a área complementase coa decoración especial das plantas de Pediatría, onde preside o Papa Noél feito a base de globos, ou a gran árbore de Nadal no control dunha das velas, xunto aos debuxos realizados polos nenos e nenas ingresados. E coa antesala dos renos que foron doados ao hospital, decorados por distintos colexios da área sanitaria viguesa.

